

RECOMENDACIÓNS LECTORAS INFANTIL

Quen levou a lúa?

[MARIO CATELLI](#),

IDIOMA: GALEGO

OQO EDITORA- 97884987169



Kipá, o máis pequeno da manda, quere ouvear como os lobos adultos. A noite antes da lúa chea, escapa á montaña e aspira tan forte que a lúa se solta do ceo e desaparece. Ao día seguinte, os lobos soben á montaña para celebrar o nacemento dos cachorros; pero, por moito que esperan, a lúa non sae. Mentres, na súa casa, o lobiño está laiándose pola dor, coa barriga inchada como un melón...

Bluey. Un cuento - la playa

[BLUEY](#)

IDIOMA: CASTELÁN

BEASCOA- 978844886812




Disfruta das sorprendentes e divertidas aventuras de BLUEY, a serie de animación máis vista do mundo en Disney+ que namorou a todas as familias.

Los mil colores del hilo invisible

[MIRIAM TIRADO](#)

IDIOMA: CASTELÁN

B de Blok- 9788419910035




Miriam Tirado, autora de *El hilo invisible*, tráenos un novo álbum ilustrado para coñecer mellor os vínculos que nos unen, e para aprender a valoralos e a coidalos.

Sete dentes de león

[LEDICIA COSTAS](#)

XERAIS 978-84-1110-406-7

IDIOMA: GALEGO



Leticia Costas e David Sierra sorpréndennos cun delicioso álbum sobre o nacemento do arco iris.

RECOMENDACIÓN LECTORAS

1º CICLO


Capitán Lentella 2.

Unha nova chuvia de estrelas

JORGE CAMPOS

XERAIS 978-84-1110-551-4

IDIOMA: GALEGO




Tras a aventura que viviron na Terra, os intrépidos exploradores espaciais Lalo e Rufino, acompañados agora tamén por Bicudo, continúan a viaxe polo Universo. Un novo encontro coa mosca desviará o seu rumbo unha vez máis, aínda que nesta ocasión non serán os únicos que vaian tras dela... Quen é esa misteriosa xoaniña e a que se refire cando fala da «Chuvia de Estrelas»?

Os vagalumes de Marí

ALBA MÍGUEZ, DAMIÁN GÓMEZ

XERAIS 978-84-1110-459-3

IDIOMA: GALEGO



Marí é unha nena de dez anos que vive feliz ata que o seu pai ten que embarcar por motivos de traballo. Cando o barco está a piques de regresar, o faro da vila estrágase. Marí nunca imaxinaría que o conto que lle contaba o pai sobre monstros e vagalumes poida ter algo que ver coa posibilidade de que o faro volva iluminarse antes de que o seu pai chegue a porto.

Troti y los mug 7: Troti futbolero

BEGOÑA ORO PRADERA

SM 9788411823845

IDIOMA: CASTELÁN



A Troti apaixóalle todo do fútbol: velo, xogalo... Pero sáltase as normas e é un pouco chupón. Como rematará a historia? Desastroti ou gol?

Anna Kadabra 14: El reto del volcán

PEDRO MAÑAS

Destino Infantil&Juvenil - 9788408288398

IDIOMA: CASTELÁN



Anna está emocionada polo novo programa de intercambio de alumnos. Durante unha semana enteira, aloxarase na súa casa outra aprendiz de bruxa como ela. O que non podía sospeitar é que sería **Rita Varita!** Mentres as broncas entre elas dúas crecen día a día, os seus gatos máxicos cada vez lévanse mellor

RECOMENDACIÓNS LECTORAS

2º CICLO

A miña avoa, a miña heroína

SABELA FERNÁNDEZ TRELLES

XERAIS 978-84-1110-550-7

IDIOMA: GALEGO




Laura sempre foi unha nena alegre, forte e valente, pero ultimamente as cousas non lle van demasiado ben: sente que cada vez son máis os días grises e comeza a dudar de todo, incluso dela mesma. Menos mal que conta coa complicidade da avoa Carmela, con quen vai realizar unha viaxe ao pasado para entender por que se sente así e decatarse de que pertence a unha saga de mulleres loitadoras. Un emotivo relato sobre a ansiedade na infancia e a fortaleza de sentirnos acompañados polos nosos seres queridos.

Axencia Galega de Asuntos Máxicos

MIGUEL ÁNGEL ALONSO

XERAIS 978-84-1110-549-1

IDIOMA: GALEGO




A vida pode cambiar nun só día. Que digo nun día! Nunha hora, nun minuto ou mesmo nun segundo. Iso é o que lle pasou a Gabriel e iso é o que che pode pasar a ti se te atreves a camiñar polas páxinas deste libro. ..

Animalotes 15 y 16. Abre la boca y di: ¡arrgh! / ¡¿los otros?!

AARON BLABEY

ANAYA INFANTIL Y JUVENIL – 978841433680

IDIOMA: CASTELÁN



Máis de 12 millóns de exemplares vendidos en todo o mundo.

Minitwins nº 01 ¡Una aventura bestial!

ELISENDA ROCA

Planeta Cómic - 9788411408400

IDIOMA: CASTELÁN



Lila e Tom son dous mellizos que, un día ao comer unha herba misteriosa, vólvense pequenos coma ratos e a partires dese momento poderán falar cos animais do bosque e vivir un montón de aventuras increíbles ...

RECOMENDACIÓNS LECTORAS


3º CICLO

Idol!

ALBA CHAN, ENE

XERAIS 978-84-1110-537-8

IDIOMA: GALEGO




Vega e Ámbar son dúas adolescentes de 16 anos que deciden concursar en «Idol!», un «talent show» onde un grupo de rapazas probarán sorte para tentar convertérense en estrelas da música. Pero non vai ser nada doado. A Vega, a súa familia púxolle como condición manter a media de sobresaliente no instituto. Ámbar ten que confrontarse a unha realidade moi diferente: os seus pais non lle dedican a atención que precisa ...

As músicas viaxeiras

RAMÓN CARIDE

XERAIS 978-84-9121-962-0

IDIOMA: GALEGO



En tempos remotos, as princesas vivían fechadas en torres mentres agardaban a chegada de príncipes con sangue azul. As pandeireteiras, pola contra, tiñan que buscar a vida polos camiños... Con todo, nin moitas das mulleres se resignaban ao seu destino nin todas as princesas se conformaban con non poder ver o mundo cos seus propios ollos. Aínda que daquela había homes ruíns nas encrucilladas e nas tabernas, ou en pazos baixo da terra, tamén había mozas que loitaban para poderen ser elas en liberdade...

Boy, relatos de la infancia

ROALD DAHL

Santillana Educación, S.L. - 9788491220466

IDIOMA: CASTELÁN



Relatos imprescindibles ambientados nunha vida chea de aventuras e experiencias.


Isto non é unha autobiografía, é un relato dunhas cantas cousas que lle aconteceron a Roald Dahl durante a súa estancia na esola e despois de saír dela. Algunhas son divertidas. Outras, tristes. Todas son verdade...

Asterix y los juegos olímpicos

RENE GOSCINNY

Editorial Bruño - 9788469602591

IDIOMA: CASTELÁN



Todos os homes da aldea embárcanse rumbo a Grecia para participar nos Xogos Olímpicos e darlles unha nova paliza aos romanos. Pero as cousas complicaríanse cando descubran que non poden beber a poción máxica para gañar ...